



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

O Pleno da Corporación con data de 13 de setembro de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

Transcorrido o prazo de 30 días hábiles dende a súa publicación no BOP sen que se presentasen reclamacións, considérase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Artigo 1.-

De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, o tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.-

- 2.1.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,5%.
- 2.2.- O tipo de gravame no Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,5%.
- 2.3.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,3%.

Artigo 3.-

Se agruparán nun único documento de cobro as cotas deste Imposto relativas a distintos bens de carácter rústico pertencentes a un mesmo suxeito pasivo.

Artigo 4.-

1.- A efectos de atender a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria deste Imposto, establécese a exención dos inmobles rústicos e urbanos dos que a cota líquida non supere a contía de 6 euros.

No caso de inmobles rústicos tomarase en consideración a cota agrupada que resulta da aplicación do artigo anterior, no seu caso.

2.- Establécese unha bonificación do 50% na cota íntegra do IBI nos inmobles nos que se teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

3.- Establécese unha bonificación na cota íntegra do IBI a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, tal e como ven regulado no artigo 74.2 quáter do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo). A citada bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

As porcentaxes de bonificación serán as seguintes:

- Ata o 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- O 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- O 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

A declaración da actividade como de especial interese, e en consecuencia a aprobación da bonificación, corresponderá ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, e por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación, unha vez aprobada, estenderase a tres exercicios orzamentarios. No caso de incumprirse as circunstancias polas que se concedeu a mesma, e previa comprobación polos servizos municipais, poderá suspenderse a bonificación antes de rematar a duración establecida.

Artigo 5.-

No que respecta á xestión dos impostos, infraccións e tódolos demais aspectos, estarase ó sinalado nos artigos 60 ó 77, ámbolos dous inclusive, do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario; as modificacións dos citados textos incluídas pola Lei 16/2007, de 4 de xullo, Disposicións Adicionais Sétima e Décima; o Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, de Desenrolo da Lei do Catastro Inmobiliario, incluíndo o cambio producido no seu artigo 23 como consecuencia do pronunciamento do Tribunal Supremo en sentenza de 30 de maio de 2007; e demais lexislación aplicable e as disposicións regulamentarias que, no seu caso, se dicten.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse na data que resulte do artigo 72.6º do RDL 2/2004, de 5 de marzo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, 8 de novembro de 2021

O Alcalde

Manuel Angel Léis Míguez

2021/7925